

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 18 DE XUÑO DE 2018.**

**Alcalde-Presidente:**

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

**Concelleiros:**

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA.

D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

**Secretario Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**Interventor:**

D. FIDEL GARCÍA MARTUL.

**1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM 25/2018 DE DATA 11 DE XUÑO DE 2018.**

Acordouse aprobar a acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local núm. 25/2018 do día 11 de xuño de 2018.

**2.- EXPEDIENTE 2817/2018. CP4 OBRAS SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA.**

Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA para o acondicionamento dunha cuberta dun galpón existente no lugar de Santón núm.7, parroquia de Veiga – Lalín.

**3.- EXPEDIENTE 992/2018. DECLARACIÓN DE RUÍNA ORDINARIA.**

Acordouse aprobar o INFORME XURÍDICO RELATIVO Á RESOLUCIÓN DE PROCEDEMENTO DE ORDE DE EXECUCIÓN (exp. 992/2018 ).

**4.- EXPEDIENTE 3151/2018. PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN PARA REALIZACIÓN XXXª FEIRA DO CABALO.**

Acordouse autorizar un gasto de 13.046,00 € (IVE engadido) con cargo á partida orzamentaria 338.226.09.01 para a realización da proposta.

**5.- EXPEDIENTE 3293/2018. RENOVACIÓN TARXETA DE ACCESO A RESIDENTES DA RÚA COLÓN PARA O VEHÍCULO CON MATRÍCULA 4512HYR.**

Acordouse a renovación da tarxeta de acceso a residentes na rúa Colón para o vehículo da súa propiedade marca Madza CX5, matrícula 4512-HYR por un período dun ano a contar dende a data do presente acordo.

**6.- EXPEDIENTE 3348/2018. PROPOSTA DE GASTO REPARACIÓN CANALÓNS DO LOCAL SOCIAL DE DOADE.**

Acordouse ordenar a iniciación do expediente relativo á contratación do servizo de Servizo de Reparación de canalóns no Local Social de Doade.

**7.- EXPEDIENTE 1840/2018. SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.**

Acordouse aprobar a **baixa horaria** no servizo de axuda no fogar no marco do Sistema para a autonomía persoal e a atención á dependencia (SAAD) para unha persoa beneficiaria.

**8.- EXPEDIENTE 3075/2018. EXPEDIENTE DE TRANSMISIÓN DE LICENZA DE TAXI Nº 9.**

Acordouse remitir copia do expediente e do informe emitido polo Sr. Secretario ao Servizo de Mobilidade da Xefatura Provincial da Consellería de Infraestruturas e Vivenda aos efectos de que emitan informe sobre a procedencia da transmisión da autorización interurbana de taxi, segundo o disposto no artigo 17 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.

**9.- EXPEDIENTE 3354/2018. SOLICITUDE OCUPACIÓN VÍA PÚBLICA CELEBRACIÓN SAN XOAN LUGAR: PO-206, ENTRE A INTERSECCIÓN DA RÚA 32 E A ROTONDA DO VIAL SGV-5 (N-640).**

Acordouse conceder autorización municipal para a celebración da festividade de San Xoán con ocupación de vía pública e alteración do tráfico PO-206 entre a intersección da rúa 32 e a rotonda do vial SGV-5 (N-640), dende o sábado día 23 de xuño ás 9 da mañá ata o domingo 24 de xuño ás 12 do mediodía.

**10.- EXPEDIENTE 3352/2018. SOLICITANDO PERMISOS REALIZACIÓN ACTIVIDADES LÚDICAS O DÍA 22 DE XUÑO POLA CELEBRACIÓN DA NOITE BRANCA DA ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DO DEZA.**

Quedou pendente para un mellor estudo.

**11.- EXPEDIENTE 2895/2018. SOLICITUDE DE PERMISO PARA O PECHE DE RÚAS PARA REALIZACIÓN ACTIVIDADES LÚDICAS NOITE BRANCA 2018 O 22 DE XUÑO DE 2018.**

Acordouse conceder autorización municipal para o peche das rúas:

- Peche da Avda. Luís González Taboada dende o cruce da rúa F ata o cruce da rúa Z.
- Peche da rúa D, dende o cruce da rúa Monte Faro ata o cruce da rúa Pintor Colmeiro.
- Peche da rúa Rosalía de Castro, dende o cruce da rúa Molinera ata a rúa Fonte Sanguíña.
- Peche da rúa Principal dende a Fonte dos Cabalos.
- Peche da rúa Xoaquín Loriga ata o cruce da rúa Pintor Laxeiro.
- E peche da rúa Pintor Laxeiro, dende o cruce da rúa Xoaquín Loriga ata

o cruce da rúa Manuel Rivero.

Para a realización de actividades lúdicas en espazos públicos o día 22 de xuño de 2018 e peche das rúas en horario de 16:30 ata as 24:00 horas.

**12.- EXPEDIENTE 3138/2018. SOLICITUDE PERMISO PARA COLOCACIÓN DE LUCES DECORATIVAS NAS RÚAS DO CENTRO DE LALÍN.**

Acordouse conceder autorización municipal para colocar luces decorativas (bombillas LED) nas rúas que estarán pechadas para a celebración da “Noite Branca” .

**13.- EXPEDIENTE 3355/2018. SOLICITUDE PARA PERNOCTAR EN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL O 27 DE XUÑO DE 2018.**

Acordouse conceder autorización municipal para aloxarse no Pavillón Polideportivo cun grupo de 19 alumnos e 4 profesores, con motivo da súa peregrinación a Santiago de Compostela.

**14.- EXPEDIENTE 3350/2018. SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN COLOCACIÓN CARTEIS FESTA DAS ANGUSTIAS EN FAROLAS.**

Acordouse conceder autorización municipal para a colocación dos carteis anunciadores das Festas de Pareizo nas farolas da parroquia.

**15.- EXPEDIENTE 2902/2018. SOLICITUDE PARA A CELEBRACIÓN DUNHA RUTA CIRCULAR POR SENDEIROS DO CONCELLO DE LALÍN.**

Quedou pendente para un mellor estudo.

**16.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3379/2018. SOLICITUDE PARA O USO DO**

## **MUSEO MUNICIPAL RAMÓN ALLER.**

Acordouse conceder autorización municipal para o uso do Museo Municipal Ramón Aller, o venres día 22 de xuño de 2018, en horario de 20:00 horas ás 22:00 horas, con motivo da realización dunha charla informativa.

### **17.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 501/2018. SUBVENCIÓN SOLICITADA A OUTRA ADMINISTRACIÓN.**

Acordouse solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria unha ampliación do prazo de xustificación da subvención concedida ao Concello de Lalín ao abeiro da *Orde do 27 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018* (código do procedemento IN519B) ata o mes de decembro de 2018, diante da imposibilidade material de xustificar no prazo concedido en dita Orde debido ao prazo de execución do proxecto subvencionado.

### **18.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3873/2017 SOLICITUD DE SUBVENCIONES PARA ENTIDADES LOCALES (OBRAS) REPINTADO DE MARCAS VIAIS NO CASCO URBANO DE LALÍN.**

Acordouse ordenar a iniciación do expediente relativo á contratación do servizo de Obra de repintado de marcas viais no casco urbano de Lalín.

### **19.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 898/2017. OBRAS PROPIAS. REPARACIONES VARIAS NO CEMITERIO VELLO.**

Acordouse ordenar a iniciación do expediente relativo á contratación do servizo de Obra de reparacións varias no cemiterio vello

de Lalín.

**20.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 1630/2018 BOLSAS ESCOLARIZACIÓN.**

Acordouse aprobar as bases e convocar o proceso de concesión de bolsas complementarias ao estudo para o curso 2018/2019.

**21.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2512/2018. AIS CONCELLO.**

Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de alugueiro de vivenda para unha persoa solicitante por importe de 190 € a aboar, mediante transferencia bancaria, á persoa con DNI. 76796900-S que figura como arrendador no contrato de alugueiro.

**22.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2417/2018. AIS CONCELLO.**

Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos derivados de débedas de subministro de gas para unha persoa solicitante.

**23.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2239/2018. AIS CONCELLO.**

Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos derivados de débedas de subministro de gas para unha persoa solicitante.

**24.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3315/2018. RELACION DE FACTURAS.**

Acordouse aprobar a relación de facturas nº 00034 por importe de

115.307,09 €.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son as 20:12 horas do día do seu comezo, da que eu, como Secretario Xeral, dou fe.